

Proba de galego para a provisión da praza de oficial albanel no Concello de Vigo segundo a OPE 2017-2018-2019

Lea atentamente os enunciados e responda ao que se lle pregunta. A cada pregunta só lle corresponde unha resposta correcta.

Este exercicio consta de 20 preguntas. Cada pregunta contestada correctamente suma 0,1 puntos para poder acadar un máximo de 2 puntos na puntuación final.

- 1.- Soubeches \_\_\_\_\_ novo xefe de obras?  
- Pois, si. \_\_\_\_\_ volve ao seu anterior traballo, non?
  - a) co / Creo que
  - b) o do / Non creo que
  - c) **o do / Parece que**
  - d) do / É probable que
  
2. Sinale cal destes enunciados é o correcto:
  - a) - Sabes que casa André? – Non dixéramo ningún.
  - b) - Sabes que casa André? – Non, non mo dixera algúen.
  - c) - **Sabes que casa André? - Non, non mo dixera ninguén.**
  - d) As opcións a e c son correctas.
  
3. - Que ben organizada estaba a exposición de bicicletas antigas! Ían todos as nenas e os nenos con \_\_\_\_\_ cámara fotográfica.
  - a) **cadansúa**
  - b) cadansúas
  - c) cadanseus
  - d) cadaquén as
  
4. – Teño unha morea de libros na casa e ademais ocúpanme moito espazo.  
- \_\_\_\_\_ poñería un anuncio no portal do edificio \_\_\_\_\_ .
  - a) Pois eu/ofrecendos
  - b) **Eu de ti/ofrecéndoos**
  - c) Recomendóche que/ofrecéndoos
  - d) Eu, no teu lugar/ofrecendos
  
5. Sinale cal destes enunciados é o correcto.
  - a) Déronlle o traballo pola súa experiencia neste sector.
  - b) O outro día multáronme por estacionar en dobre fila.
  - c) Debido ás fortes chuvias, a organización suspendeu o partido.
  - d) **Todos os enunciados son correctos.**
  
6. - Pódeshlle facer uns arranxos de albanelaría ao meu sogro?  
- Agora non, pero \_\_\_\_\_ pola tarde, se \_\_\_\_\_ .
  - a) Faríallos / quero
  - b) Fíxellos / puidera
  - c) **Fareillos / lle vale**
  - d) Fágollos / chegue cedo
  
7. Sinale cal destes enunciados é o incorrecto:
  - a) Anxo viaxa con moita equipaxe.

- b) María ten o armario cheo de traxes marelos.
  - c) **Denís ten unha garaxe moi grande.**
  - d) A Antón gústalle a arte moderna.
8. Sinale cal destes enunciados é o correcto:
- a) Andrea ten a costume de chegar tarde porque e moi preguiceira por as mañás.
  - b) Andrea ten a costume de chegar tarde por que é moi preguiceira polas mañás.
  - c) Andrea ten o costume de chegar tarde porque e moi preguiceira polas mañás.
  - d) **Andrea ten o costume de chegar tarde porque é moi preguiceira polas mañás.**
9. Cal das seguintes opcións non é unha ferramenta de man?
- a) trolla
  - b) legón
  - c) **estada**
  - d) paleta
10. Cal das seguintes opcións non é unha ferramenta eléctrica?
- a) trade
  - b) formigoneira
  - c) martelo pneumático
  - d) **Todas as opcións son ferramentas eléctricas.**
11. Sinale cal destes enunciados é o incorrecto:
- a) **Déixoche o coche se fasme este traballo.**
  - b) Nunca o vin por esta zona.
  - c) Xamais che dirá a verdade.
  - d) Seica lle deron un premio de poesía.
12. Sinale cal destes enunciados é o correcto:
- a) **Esta ordenanza regula a sinalización e o balizamento na vía pública.**
  - b) Esta ordeanza regula a sinalización e o balizamento na vía publica.
  - c) Esta ordenanza regula a sinalización e o balizamiento na vía publica.
  - d) Esta ordeanza regula a sinalización e o balizamiento na vía pública.
13. Sinale cal destes enunciados é o correcto:
- a) O vinte e un de xunio comeza o vran.
  - b) O vinteún de xunio comeza o verán.
  - c) O vinteun de xuño comeza o vran.
  - d) **O vinte e un de xuño comeza o verán.**
14. Sinale cal destes enunciados é incorrecto:
- a) O director do proxecto será entrevistado esta semana.
  - b) Estas mazás foron apañadas pola miña nai.
  - c) A estrada foi inaugurada polo novo presidente.
  - d) **Todos os enunciados son correctos.**
15. *Por debaixo da autoestrada hai un túnel cun carril de sentido único.* Se queremos escribir este enunciado en plural, cal destas opcións é a correcta?
- a) Por debaixo das autoestradas hai un túneis cuns carriles de sentido único.
  - b) **Por debaixo das autoestradas hai uns túneles cuns carrís de sentido único.**

- c) Por debaixo das autoestradas hai un tuneis con uns carrís de sentido único.
- d) Por debaixo das autoestradas hai un tuneles cuns carriles de sentido único.

16. Sinale cal destes enunciados é o incorrecto:

- a) Síntoo, pero non me agrada a túa curmá.
- b) **Non aturo madrugar os fins de semá.**
- c) Encántame pasear polo campo.
- d) Estou farta de que non me fagas caso!

17. Sinale cal destes enunciados é o incorrecto:

- a) Supoño que é unha vantaxe.
- b) Talvez non o saiba.
- c) Quizais non sexa consciente do que fixo.
- d) **Ao millor quere o mesmo que ti.**

18. Penso que \_\_\_\_\_ menos gabias no medio da estrada.

- a) fixeran
- b) **debería haber**
- c) habería
- d) farían

19. Sinale cal destes enunciado é o incorrecto:

- a) Quen che dixo esa barbaridade?
- b) **Cándo lle daremos o regalo?**
- c) Canto me alegre por ti!
- d) Como o queres?

20. - E que lle pareceu a Iván o agasallo que che fixen?

- Pois a verdade é que \_\_\_\_\_.

- a) **aínda non llo mostrei**
- b) xa llo dixen
- c) non cho mostrara
- d) non llelo mostrei

Preguntas de reserva:

1. Sinale cal destes enunciados é o correcto:

- a) Cómpre por un par de ósos no plato do can.
- b) **Cómpre pór un par de ósos no prato do can.**
- c) Compre pór un par de osos no plato do can.
- d) Compre por un par de osos no prato do can.

2 - Estes cadros \_\_\_\_\_ por un artista anónimo.

- a) se fixeron
- b) foi pintado
- c) **foron pintados**
- d) realizáronse

3. - Francamente, \_\_\_\_\_ que veñan Lois e Fernanda \_\_\_\_\_ a voda dos seus amigos.

- a) gustárame / por
- b) non creo en / para
- c) creo / canda
- d) **non creo / para**